

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

- 2780** *Real decreto 198/2017, do 3 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite; o Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra; o Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, e o Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

Mediante o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, establecéronse, en desenvolvemento da normativa regulamentaria correspondente da Unión Europea, os controis mínimos obrigatorios que deben realizar os operadores económicos vinculados á produción do leite cru de vaca en todas as súas etapas, de maneira que todos os operadores e laboratorios do sector lácteo actúen de maneira homoxénea.

Posteriormente, co Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra, estableceuse igual regulación para o sector produtor lácteo ovino e cabrún.

Coa experiencia adquirida na súa aplicación, observouse a necesidade de modificar ambas as normas en determinados aspectos, para o sector das queixarías de campo e pequenas queixarías, en especial naqueles aspectos de análise do leite non previstos na normativa da Unión Europea, ou que non afectan o leite de ovella e cabra, así como adecuar o contido das análises de laboratorio ás necesidades sanitarias. Isto non supón ningunha mingua das actuacións de control oficial para garantir a seguridade alimentaria, que se manteñen, ou mesmo da calidade do leite, dentro do marco das accións previstas no Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria (PNCOCA), aprobado de acordo co artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre sanidade animal e benestar dos animais.

Así mesmo, cómpre modificar o número 4 do artigo 4 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, para prever o réxime de convocatorias da Comisión Nacional de Subprodutos de Orixe Animal non Destinados a Consumo Humano e para eliminar o carácter transitorio da súa disposición transitoria quinta sobre recollida, transporte e eliminación de determinados materiais de categoría 3 por métodos distintos da incineración ou o enterramento «in situ», incorporando esta posibilidade no articulado de maneira permanente.

Finalmente, cómpre modificar o Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados

non destinados ao consumo humano, para, no número 1 do artigo 3, concretar que no Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano se inscribirán os operadores con instalacións rexistrados ou autorizados de acordo co artigo 20 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro; no número 1 do artigo 4, establecer a necesidade de que se subministren certos datos para as plantas intermedias e plantas de transformación que reciban animais mortos en explotación de ganado vacún, e, no anexo I, recoller os ditos datos.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite.*

O Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, queda modificado como segue:

Un. No número 1 do artigo 2 inclúese unha nova alínea l) co seguinte contido:

«l) Centro de transformación de pequena capacidade: establecemento vinculado a un operador no cal se elaboran produtos lácteos a partir de leite cru ou pasteurizado de cabra, ovella, vaca ou as súas mesturas, procedente do gando propio ou de explotacións situadas nun raio de 50 quilómetros. O total do leite utilizado para a elaboración dos ditos produtos non poderá superar os 500.000 quilos/ano.»

Dous. O número 9 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«9. Os produtores que transformen a súa produción na explotación, ademais do establecido neste artigo, deberán cumprir, para efectos da transformación do leite cru, as exixencias establecidas no anexo II do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, así como no anexo III, sección IX, relativo ao leite cru, do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Tres. O artigo 7 queda modificado como segue:

a) O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. No caso das mostras obrigatorias establecidas no artigo 5, realizaranse as seguintes análises: células somáticas, colonias de xermes a 30º C e presenza de residuos de antibióticos.»

b) O número 3 queda sen contido.

Catro. Engádesse un novo parágrafo na alínea c) do artigo 9.1 coa seguinte redacción:

«Non obstante o anterior, o lavado das cisternas poderase realizar no propio centro lácteo sempre que a capacidade do contedor e as instalacións con que conte o centro permitan e aseguren a súa correcta limpeza, cando o centro lácteo sexa un centro de transformación de pequena capacidade. Neste caso, así mesmo, non será necesaria a folia de rexistro de lavados descrita no anexo III.»

Cinco. Engádesse un parágrafo novo ao número 2 do artigo 10 co seguinte contido:

«Non obstante, non será precisa a dita toma de mostras e consecuente análise cando o centro lácteo sexa un centro de transformación de pequena capacidade e se tomasen, polo menos, dúas mostras ao mes durante os dous meses consecutivos anteriores, na explotación ou explotacións de orixe do leite, con resultado analítico satisfactorio, salvo que o leite proveña doutro país. Neste caso, o centro lácteo deberá dispoñer da documentación acreditativa do resultado analítico satisfactorio e conservala á disposición da autoridade competente durante, polo menos, un ano.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra.*

O Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra, queda modificado como segue:

Un. No número 1 do artigo 2 inclúese unha nova alínea w) co seguinte contido:

«w) Centro de transformación de pequena capacidade: establecemento vinculado a un operador en que se elaboran produtos lácteos a partir de leite cru ou pasteurizado de cabra, ovella, vaca ou as súas mesturas, procedente do gando propio ou de explotacións situadas nun raio de 50 quilómetros. O total de leite utilizado para a elaboración dos ditos produtos non poderá superar os 500.000 quilos/ano.»

Dous. O número 9 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«9. Os produtores que transformen a súa produción na explotación, ademais do establecido neste artigo, deberán cumprir, para efectos da transformación do leite cru, as exixencias establecidas no anexo II do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, así como no anexo III, sección IX, relativo ao leite cru do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Tres. O artigo 7 queda modificado como segue:

a) O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. No caso das mostras obrigatorias establecidas no artigo 5, realizaranse as seguintes análises: colonias de xermes a 30 °C e presenza de residuos de antibióticos.»

b) O número 3 queda sen contido.

Catro. Engádesse un novo parágrafo na alínea c) do artigo 9.1 co seguinte contido:

«O lavado das cisternas poderase realizar no propio centro lácteo sempre que a capacidade do contedor e as instalacións con que conte o centro permitan e aseguren a súa correcta limpeza, cando o centro lácteo sexa un centro de

transformación de pequena capacidade. Neste caso, así mesmo, non será necesaria a folia de rexistro de lavados descrita no anexo III.»

Cinco. Engádesse un novo parágrafo no número 2 do artigo 10:

«Non obstante, non será precisa a dita toma de mostras e consecuente análise cando o centro lácteo sexa un centro de transformación de pequena capacidade e se tomasen, polo menos, dúas mostras ao mes durante os dous meses consecutivos anteriores, na explotación ou explotacións de orixe do leite, con resultado analítico satisfactorio, salvo que o leite proveña doutro país. Neste caso, o centro lácteo deberá dispoñer da documentación acreditativa do resultado analítico satisfactorio na explotación ou explotacións de orixe e conservala á disposición da autoridade competente durante, polo menos, un ano.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

O Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, queda modificado como segue:

Un. O número 4 do artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«4. A Comisión Nacional reunirse, logo de convocatoria do seu presidente, tantas veces como a situación o requira ou cando o solicite calquera dos seus membros.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 16:

«3. As autoridades competentes poderán autorizar a recollida, transporte e eliminación dos materiais de categoría 3 referidos no artigo 10. f) do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, por medios diferentes aos establecidos no dito Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, e distintos da incineración ou o enterramento *in situ*.

Poderanse acoller a esta posibilidade os establecementos ou plantas que non xeren máis de 20 kg semanais dos subprodutos mencionados, independentemente da especie de orixe.

A recollida, o transporte e a eliminación dos materiais anteriores realizaranse conforme a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Os operadores destes establecementos deberán ter unha documentación actualizada que xustifique a entrega destes subprodutos á empresa autorizada para a xestión de residuos e levar un rexistro semanal de saídas dos subprodutos mencionados no artigo 10 f) do Regulamento 1069/2009, no cal se indique polo menos:

- a) A cantidade e o tipo de subproduto.
- b) A data de saída.»

Tres. A disposición transitoria quinta queda sen contido.

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano.*

O Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. Créase, adscrito á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano (Sandach), que agrupará todos os datos rexistrados polos órganos competentes das comunidades autónomas, e dos operadores con instalacións rexistrados ou autorizados de acordo co artigo 20 do Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, e os datos dos movementos de material Sandach dos establecementos cárnicos suxeitos a autorización de acordo co Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Dous. O número 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Todos os operadores deberán facilitar a comunicación dos movementos de Sandach ao rexistro previsto no artigo anterior.

Os datos que se facilitarán serán:

- a) Para os establecementos de orixe, os establecidos no anexo I, números 1, 2, 3 e 4.
- b) Para os establecementos de destino, os establecidos no anexo I, número 5.
- c) Para as plantas intermedias, e plantas de transformación que reciban animais mortos en explotación de gando vacún, os establecidos no anexo I, números 3,4 e 6.

Os operadores dos establecementos de orixe deberán introducir por medios electrónicos os datos do documento comercial a que se refire a alínea a), os operadores dos establecementos de destino deberán gravar as recepcións deses envíos de acordo co establecido na alínea b), e as plantas intermedias ou plantas de transformación que reciban animais mortos en explotación de gando vacún deberán introducir por medios electrónicos os datos do documento comercial a que se refire a alínea c).»

Tres. Engádesse un novo número 6 no anexo I, co seguinte contido:

«6. Datos da carga que deben cubrir as plantas intermedias e as plantas de transformación que reciban animais mortos en explotación:

- a) Data de recepción.
- b) Cantidade recibida (peso).
- c) Identificación individual de cada animal no caso de gando vacún.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN